

ACORDOS NÚMERO 24/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 23 de novembro de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e tres de novembro de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretaria:

D^a Ana Beatriz Oveja Villafañe

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- ESCRITOS VECIÑOS.-
- 4- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-
- 5- APROBACION DE FACTURAS.-
- 6- ACTAS DE INSPECCION DAS DEPURADORAS.-
- 7- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-
- 8- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO.-

Acordos adoptados:

Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 09.11.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

1. Recíbese escrito da Consellería de Economía, Emprego e Industria (nº rexistro entrada 1500), en relación a subvención para o fomento do emprego no Medio Rural (APROL RURAL), comunicando a concesión de subvencións por un importe de 22.500,00€ equivalente aos custos salariais totais

da contratación de persoal temporal para a obra “remate das obras da antiga reitoral de Castenda”.

Acordos adoptados:

A Xunta de Goberno Local dase por enterada e procede a iniciar o expediente de selección de persoal.

2. Recíbese escrito da Consellería do Medio Rural da Xefatura Territorial da Coruña (nº rexistro entrada 1479), en relación a informe relativa ao PXOM deste Concello.

Acordos adoptados:

Seguir coa tramitación do PXOM.

3. Recíbese escrito da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Ordes, nº rexistro de entrada 1493, comunicando a aprobación inicial do Orzamento mancomunado para o exercicio 2017.

Xunta de Goberno Local dase por enterados.

4. Recíbese escrito da Xefatura Territorial da Consellería de Sanidade, nº rexistro de entrada 1445, en relación as recomendacións da Consellería de sanidade fronte ás posibles consecuencias dos incendios forestais na auga de consumo.

Xunta de Goberno Local dase por enterada.

3.- ESCRITOS VECIÑOS.-

Entrados nese punto non se presenta ningún escrito.

4.- SOLICITUDE DE ALTA NO SERVIZO MUNICIPAL DE AUGAS.-

Acordos adoptados:

1. Autorizar a conexión ao abastecemento da rede de augas municipais, previa liquidación das correspondentes taxas, debendo cumprir o cumprimentado no informe do Servizo Municipal de augas.

- A.A.A. domicilio no lugar de Barral - Bardaos.
- B.B.B. domicilio no lugar de Carballadrade - Cabaleiros.
- C.C.C. domicilio no lugar de Saboi - Castenda.
- D.D.D. domicilio no lugar de Carballadrade - Cabaleiros.

5.- APROBACION DE FACTURAS.-

Acordos adoptados:

1. Aprobar as facturas relacionadas por un importe de 30.661,19€.

2. Ordear a Tesourería Municipal que proceda ao pago previa intervención formal da Intervención das cantidades das facturas relacionadas por un importe de 30.661,19€.

Nº de Entrada	FACTURA	IMPORT E	CIF	TERCERO	APLICACION
F/2017/1975	EMIT 14	11010,9	B70137690	JMPK PARQUES INFANTILES Y MOBILIARIO URBANO, S.L.	2017 2312 62500
F/2017/1976	EMIT 15	2656,64	B70137690	JMPK PARQUES INFANTILES Y MOBILIARIO URBANO, S.L.	2017 2312 62600
F/2017/1998	2017	15713,65	P1500003G	MANCOMUNIDAD MUNICIPIOS COMARCA DE ORDES	2017 942 46300
F/2017/2012	GR0001221	1280	B15623978	GASOLEOS LA TABLILLA, S.L.	2017 920 22103

6.- ACTAS DE INSPECCION DAS DEPURADORAS.-

Acordos adoptados:

1. Deixar sobre a mesa as facturas de revisión de fosas sépticas presentadas pola empresa Viaqua, Gestión de augas de Galicia, S.A.U., empresa encargada do servizo de abastecemento de augas e saneamento deste concello para a revisión do contrato con esta empresa.

7.- INFORMACIONES DA ALCALDIA.-

Polo señor alcalde infórmase de que o próximo pleno ordinario retrasarase porque ten intención de incluír a aprobación do PXOM, aprobación do Presuposto e aprobación do POS 2018.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horas.